

Mércores, 22 de decembro de 2021

Núm. 246

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Oferta de emprego público***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO ANO 2021**ANUNCIO***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2021**

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2021-3034, con data de 16/12/2021, pola que aprobou a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En cumprimento da citada resolución, procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2021, pola que se ofertan ás seguintes prazas:

-QUENDA LIBRE:

A) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO COMPLETO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUB-ESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (ENTERRADOR/A)	ADMÓN. ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS	PERSOAL DE OFICIOS	OFICIAL	C2
2	POLICÍAS LOCAIS	BÁSICA	SERVIZOS ESPECIAIS	POLICÍA LOCAL	POLICÍA	C1

B) PERSOAL FUNCIONARIO, A TEMPO PARCIAL

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUB-ESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL	ADMÓN. XERAL	AUXILIAR	-	-	C2

*Praza reservada para persoas con diversidade funcional.

C) PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	OPERARIO/A DE LIMPEZA	OPERARIO/A	DISP. ADIC. 6. ^a



Mércores, 22 de decembro de 2021

Núm. 246

-QUENDA PROMOCIÓN INTERNA:

A) PERSOAL FUNCIONARIO

PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUB-ESCALA	CLASE	CATEGORÍA	GRUPO-SUBGRUPO
1	ADMINISTRATIVO/A	ADMÓN. XERAL	ADMINISTRATIVA	-	-	C1

O prazo máximo para a execución dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben, directamente, o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, este se deberá resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:7QP8VPZ2H9ZD6FLC

